

Esta norma foi sometida a consulta das comunidades autónomas e das entidades máis representativas do sector. Na súa virtude, dispoño:

Artigo primeiro. *Importes unitarios iniciais das axudas asociadas á produción de tabaco, para o ano 2006.*

Os importes unitarios iniciais das axudas asociadas á produción de tabaco cru, por quilogramo e por variedade ou grupo de variedades para a colleita 2006, son os seguintes:

Importes unitarios das axudas

Grupo de variedades	I Virginia	II Burley	III Burley fermentado Havana	IV Kentucky
Euro/kg.	2,095	1,676	1,676	1,843

Artigo segundo. *Importe unitario inicial da axuda adicional, para o ano 2006.*

O importe unitario inicial da axuda adicional pola realización de actividades importantes para mellorar a calidade e a comercialización do tabaco cru, que será uniforme para todos os grupos de variedades, queda fixado para a colleita 2006 en 0,07 euros por quilogramo.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado sobre as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica, título competencial previsto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 10 de marzo de 2006.

ESPINOSA MANGANA

**4769** *ORDE APA/725/2006, do 10 de marzo, pola que se modifica o anexo IV do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.* («BOE» 64, do 16-3-2006.)

O Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, incorporou ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

A Directiva 2006/14/CE da Comisión, do 6 de febreiro de 2006, modifica o anexo IV da Directiva 2000/29/CE do Consello, relativa ás medidas de protección contra a

introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

De conformidade coa habilitación establecida na disposición derradeira segunda do citado real decreto, mediante esta orde, incorpórase ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2006/14/CE da Comisión, do 6 de febreiro de 2006.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único.

Modificación do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.

O Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, queda modificado como segue:

Un. O último parágrafo da columna dereita do punto 2 da sección I da parte A do anexo IV queda redactado do seguinte modo:

«O primeiro guión, no cal se especifica que as embalaxes de madeira deberán estar fabricadas con madeira en rolla descascada, só será aplicable a partir do 1 de xaneiro de 2009.»

Dous. O último parágrafo da columna dereita do punto 8 da sección I da parte A do anexo IV queda redactado do seguinte modo:

«A primeira liña da alínea a), na que se especifica que as embalaxes de madeira deberán estar fabricadas con madeira en rolla descascada, só será aplicable a partir do 1 de xaneiro de 2009.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 10 de marzo de 2006.

ESPINOSA MANGANA

**4877** *ORDE APA/746/2006, do 10 de marzo, pola que se modifican os Regulamentos de inscrición de variedades no Rexistro de Variedades Comerciais correspondentes a cereais, millo, oleaxinosas, téxtiles, pataca, forraxeiras, pratenses, cespitosas, leguminosas gran e remolacha.* («BOE» 65, do 17-3-2006.)

A Directiva 2005/91/CE da Comisión, do 16 de decembro de 2005, que modifica a Directiva 2003/90/CE do Consello, do 6 de outubro de 2003, pola que se establecen disposicións de aplicación, aos fins do artigo 7 da Directiva 2002/53/CE do Consello, con respecto ás características que os exames deben analizar como mínimo e as condicións mínimas para examinar variedades de determinadas especies de plantas agrícolas, substitúe os anexos I e II desta directiva.